



Feira Lalín 1970 (Bernabé)



Feira Silleda 1950 (Asociación Amigos de Silleda)



Entrada á Semana Verde 1978



Feira Semana Verde 1978

FEIRAS TRADICIONAIS GALEGAS

III Concurso entrevista interxeracional

Curso 26-27

Organiza:



ASOCIACIÓN
FEIRAL
SEMANA VERDE
DE GALICIA

Patrocinan:



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
Pontevedra

//ABANCA



FUNDACIÓN
SEMANA VERDE
DE GALICIA

Colaboran:



Concello
de
Silleda



AUTOCARES
RÍAS BAIXAS



FUNDACIÓN
ROBERTO RIVAS



FUNDACIÓN
do CAMPO GALEGO



Casa do Patrón
MUSEO ETNOGRÁFICO Y RESTAURANTE



As feiras e mercados tradicionais en Galicia pretenderon sempre conseguir un beneficio e existiron por varios motivos:

- Había moita poboación e moi dispersa no rural que precisaba comercializar cos produtos agrarios.
- A mala calidade das comunicacións entre os núcleos de poboación espallados
- Eran estruturas agrícolas e gandeiras deficientes (minifundio) que só podían realizar as vendas en feiras, transformando as colleitas en diñeiro ou troco por outros produtos ou servizos que necesitaban e non producían na súa explotación; así como o pequeno tamaño, estacionalidade e o carácter perecedeiro das vendas.
- Ruptura da monotonía da vida rural
- Establecer contactos sociais, dado que tiñan un punto lúdico e festivo
- Apego a unha tradición anterior.

Co paso do tempo, todo foi cambiando (mellora das comunicacións, despoboamento do rural, renovación da agricultura, novas formas de comercialización, industrialización, novos xeitos de gozar o lecer ou o tempo libre... en definitiva a evolución socioeconómica de Galicia) e por iso se puido ver un declive nestas feiras e mercados.

A Asociación Feiral Semana Verde de Galicia é a semente da feira que hoxe se coñece internacionalmente como Semana Verde. A cita feiral por excelencia de Silleda e, por extensión, o seu recinto, referente no noroeste peninsular, naceu do traballo e empeño por impulsar e facer valer o rural dun grupo de gandeiros e gandeiras, veciños e veciñas, que a finais da década dos setenta impulsou o primeiro certame dedicado ao sector primario. Aquel equipo, constituído pouco tempo despois como Asociación Feiral Semana Verde, seguiu traballando e o colectivo séguese facendo hoxe co mesmo obxectivo: pór en valor o medio rural en toda a súa dimensión económica, cultural e social.

A Asociación Feiral Semana Verde de Galicia convoca un concurso de relatos dándolle forma de entrevista interxeracional, que ten como tema AS FEIRAS TRADICIONAIS GALEGAS.

Os principais obxectivos deste concurso son:

- Incentivar as relacións entre as distintas xeracións. Actualmente, vivimos nun mundo dixitalizado e os nenos/as necesitan relacionarse e comunicarse con outras persoas para intercambiar vivencias, experiencias, opinións...
- Fomentar nos/nas adolescentes o gusto polas actividades literarias, contribuíndo a unha mellor expresión escrita.
- Coñecer as súas orixes, de maneira que sexan os seus avós/avoas os/as que lle conten historias ou anécdotas que viviron na súa mocidade. Desta maneira, os nenos/as poderán ver as diferenzas e valorar a evolución acontecida nos últimos anos.
- Pór en valor o medio rural, as terras do interior do país e a historia da Semana Verde.
- Dar a coñecer algúns dos lugares de interese que temos na Galicia Central.

Aproveitando a entrega de premios farase unha exposición de fotografías antigas das Feiras en Galicia, principalmente da Semana Verde.

CRONOGRAMA PREVISTO

	SET	OUT	NOV	DEC	XAN	FEB	MAR	ABR	MAIO	XUÑO
Inform. centros educativos										
Plazo de presentación										
Deliberación xurado										
Entrega de premios										
Exposición fotográfica										

Bases Concurso

A Asociación Feiral Semana Verde de Galicia organiza o III Concurso de entrevista interxeracional que pretende motivar aos máis pequenos/as e maiores da casa para que coñezan mellor o medio rural e as súas orixes; así como incentivar as relacións entre diferentes xeracións. As bases do concurso son as seguintes:

1. Participantes

Categoría única: estudantes da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) no momento do peche do prazo de presentación de solicitudes, co consentimento dos titores legais.

2. Requisitos

- O traballo deberá ser: unha entrevista interxeracional redactada a partir dunha grabación de audio ou vídeo que sirva como proba documental (dun neto/a realizada a un avó/avoa ou adulto de idade similar) en estilo directo, escrita en galego, aceptándose variedades dialectais, sempre e cando estas supoñan un enriquecemento do relato. O texto escrito debe ter un mínimo de 5.000 caracteres con espazos e un máximo de 6.000, e o tema principal é: **AS FEIRAS TRADICIONAIS GALEGAS**.
- Non se asinará, o traballo será avaliado polo xurado de xeito anónimo. Os datos de autoría deberán presentarse aparte.
- Será inédito e non publicado ou premiado con anterioridade.
- O traballo, no caso dos/as menores de idade, debe ser realizado polo alumno/a e as persoas titoras deberán certificar por escrito a súa autoría.
- Cada participante poderá enviar **un único traballo**.
- A participación supón que, no caso de ser premiado/a, está de acordo coa cesión de dereitos de reprodución do seu relato pola Asociación Feiral Semana Verde de Galicia.

3. Prazo de presentación

O prazo para presentar os traballos será ata o **31 de xaneiro** do 2027.

4. Modo de presentación

Para participar, o centro educativo deberá enviar un correo electrónico á dirección asociacionfeiral@afeiral.com. En dito correo, terá que adxuntar, por un lado, as obras participantes de xeito individual, que terán que ser nomeadas co titular da entrevista; e por outra banda, un segundo arquivo baixo o nome de “Datos”, no que se recolla a información sobre a autoría do traballo/s presentados: nome do/a autor/a, data nacemento, curso e centro escolar, correo electrónico, teléfono de contacto, título da obra e declaración xurada do titor/a conforme ao modelo que se xunta, que deberá estar debidamente cumprimentada. Os documentos das obras participantes **debe ser en pdf e non debe levar ningún dato identificativo do autor/a; no caso de que apareza, quedarán fora de avaliar por parte do xurado**. Cabe indicar que se dun centro se presentan varios traballos, no documento “Datos” poden ir recollidos todos os datos do alumnado que se presente, indicando ben o solicitado.

A maiores, tamén se pode presentar a documentación anteriormente indicada nas oficinas da Asociación Feiral (Avenida Recinto Feiral nº13, 36540 Silleda Pontevedra) de maneira presencial ou mediante envío postal ou polo medio de transporte que considere o participante, sen que conste no exterior elemento de identificación da autora ou autor. Neste caso os orixinais irán acompañados dun sobre fechado que conterá o nome do/a autor/a, data nacemento, curso e centro escolar; correo electrónico e teléfono de contacto; título da obra; declaración xurada do titor/a conforme ao modelo que se xunta, que deberá estar debidamente cumprimentada.

Ademais, hai que ter en conta:

- A entrevista encabezada por un titular, sen sinatura.
- No caso de resultar premiado/a, comprométense a enviar a gravación que serviu de base para a redacción do relato (gravado no momento en que realizou a entrevista), por whassap ou correo electrónico no mesmo día en que sexa requirido.
- Tamén deberá enviar as fotos do entrevistado e entrevistador, xuntos e por separado, para publicalas xunto co relato no Boletín Cultura Rural, así como a autorización do entrevistado; para o que terá un prazo de 5 días. No caso de non envialo o relato será descalificado e o premio pasará ao seguinte cualificado. En dita foto só poderán saír o autor/a e a persoa entrevistada.

5. Xurado

O Xurado estará composto por 3 persoas e un secretario/a que fará os labores de organización, con voz pero sen voto. O xurado terá potestade para elixir os 3 gañadores e o seu fallo será inapelable.

A resolución do xurado terá lugar en Silleda, na sede da Asociación Feiral Semana Verde, a finais de marzo e será publicado nas redes sociais da Asociación e no Boletín Cultura Rural.

A participación neste concurso leva de seu a aceptación das presentes bases.

Os orixinais que non resulten premiados serán destruídos, así como aqueles que non cumpran as bases.

Terase en conta: a orixinalidade, creatividade, redacción lingüística, transmisión do patrimonio etnográfico, contextualización social e histórica das feiras tradicionais e outros aspectos que poñan en valor estes termos.

6. Premios

Os premios entregaranse de maneira presencial no certame da Feira Internacional Semana Verde e consistirán en:

- Os gañadores terán agasallos por valor de 500€ o primeiro, 300€ o segundo e 200€ o terceiro.
- O centro do gañador acadará como galardón un vale para unha saída didáctica ao Mosteiro de Carboeiro e ao Museo do Campo e a Mecanización en Silleda, con un máximo de 30 alumnos para gozar no vindeiro curso lectivo.
- Ademais, o centro do segundo clasificado entregáraselle un vale para unha visita guiada ao Museo Etnográfico Casa do Patrón de Codeseda (Lalín) con un obradoiro de cerámica prehistórica; e o centro do terceiro clasificado daráselle un vale para a entrada ao Museo do Mel O Enredo do Abelleiro en Portodemouros (Arzúa) cun obradoiro, con un máximo de 30 alumnos para gozaren no vindeiro curso lectivo.
- O traballo do gañador/a será publicado no Boletín Cultura Rural de xuño do 2026 e os finalistas publicaranse na páxina web da Asociación Feiral, así como, nas redes sociais de dita Asociación.

7. Máis información

Teléfonos: 986 58 14 13 ou 692 45 29 96 en horario de luns a venres de 9:30 a 14:30h.

Correo electrónico: asociacionfeiral@afeiral.com

Datos persoais do alumno

Nome e apelidos _____

Data nacemento _____ Curso _____, centro escolar _____

Correo electrónico _____, Teléfono _____

Declaración xurada Concurso Entrevista

Don/Dona _____ con DNI: _____, como
titor/a legal do/a neno/a _____

participante no Concurso entrevista interxeracional organizado pola Asociación Feiral Semana Verde de Galicia, en relación os seguintes aspectos (marcar o que proceda):

1. Participar no Concurso de Entrevista interxeracional

☐ Autorizo

☐ Non Autorizo

2. Publicar o traballo e a foto presentados ao concurso, nos medios de comunicación, redes sociais con fins promocionais non lucrativos

☐ Consinto

☐ Non Consinto

3. Relato de Autoría propia do participante

☐ Confirmo

☐ Non Confirmo

4. Revelar a identidade do participante nos medios de comunicacións e redes sociais, con motivos promocionais

☐ Consinto

☐ Non Consinto

En _____, a _____ de _____, 202_.

Fdo. _____